



Resolución sobre os Programas de fomento do parque de vivenda en alugamento e de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI432C e VI432D).

Mediante a Resolución do do 30 de decembro de 2019, publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 25, do 6 de febreiro de 2020, convocáronse, para o ano 2020, con carácter plurianual, as subvencións dos Programas de fomento do parque de vivenda en alugamento e de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI432C e VI432D).

No ordinal sexto desta resolución sinalase que o prazo de presentación de solicitudes será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. En consecuencia o prazo para presentar as solicitudes para este procedemento finalizaba a 6 de abril de 2020.

No apartado 1 da disposición adicional terceira, “suspensión de prazos administrativos”, do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (*Boletín Oficial del Estado* núm. 67, do 14 de marzo) establécese que se suspenden os termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado Real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo, no seu apartado 3 establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade. Este Real decreto entrou en vigor no momento da súa publicación no BOE.

Durante o período comprendido entre o 14 de marzo ata o 6 de abril, estando vixente o estado de alarma, mantívose na sede electrónica a posibilidade de seguir presentando





solicitudes. Non obstante, transcorrido ese prazo sinalouse en sede que este prazo esta pechado

Para evitar agravios comparativos respecto das persoas que presentaron solicitudes durante ese período debe manterse a posibilidade, en sede electrónica, de seguir presentando solicitudes como ata o día 6 de abril, e mentras se manteña o estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 24 días naturais que faltaban para completar o prazo inicial para a presentación das solicitudes.

Polo exposto, Resolvo:

1. Que se rehabilite a posibilidade de seguir presentando solicitudes dos procedementos VI432C e VI432D a través da sede electrónica, como sucedeu desde o 14 ao 6 de abril de 2020 e, en tanto, estea vixente a declaración do estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 26 días naturais que faltan.

2. As solicitudes presentadas durante este período de vixencia do estado de alarma computaranse, para os efectos da súa resolución, como presentadas o primeiro día hábil de reanudación dos prazos, unha vez perda vixencia o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou as súas prórrogas.

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto.

(documento asinado electronicamente)

